



ESCAPE ROOM O
21-12-2021



O MAR
PROXECTO DE CENTRO
2021-22

Lecturamos

LECTURAMOS
O BLOGUE DA
BIBLIOTECA E EDL

MARE MAGNUM



Árbores
de
NADAL



A SIMBOLOXÍA DA ÁRBORE

As plantas de folia perenne foron dende sempre consideradas posuidoras de virtudes máxicas. Os gregos e os romanos decoraban as súas casas con hedras. Os celtas e escandinavos preferían o muérdago, loureiro, acibro, piñeiro ou abeto que, pensaban, posuían poderes máxicos e curativos.

Os druidas de centro-Europa adornaban e veneraban unha árbore en datas próximas ao noso Nadal. Esta árbore simbolizaba a Árbore do Universo. Na súa cume estaba a morada da divindade, nas súas raíces profundas atopábase o reino dos mortos.

En funcións de teatro medievais na Noiteboa, o 24 de decembro, representábase o episodio do pecado orixinal de Adán e Eva cunha árbore do Paraíso no centro do escenario. Esta árbore tería que ter sido unha maciñeira, pero dada a data da representación, substituíase por un abeto adornado con mazás, doces e regalos para os nenos.

*...mar sen auga
mar de amores
mar que arrola
mar con flores
Mar afago
mar tremente
mar murmurio
mar de xente
Mar sen rochas
mar sen verbas
mar de sombras
mar de apertas...
...mar de cores
mar lanzal
mar persoas
mar...Nadal!*

A ÁRBORE DE NADAL

A tradición da árbore de Nadal parece remontarse ao século VIII cando o bispo inglés San Bonifacio predicaba a fe cristiá entre os pobos da Xermania.

Á volta dunha viaxe a Roma para entrevistarse co papa Gregorio, no Nadal do ano 723, Bonifacio comprobou que estes pobos voltaran aos seus antigos rituais pagáns e estaban a sacrificar a un mozo ao sagrado carballo de Odín para celebrar o solsticio de inverno. O bispo Bonifacio encolerizouse moito e cortou o carballo cun machado.


A lenda conta que un refacho de vento fixo caer a árbore e deixou abraiaados aos presentes que sentiron a presenza de Deus e preguntaron a Bonifacio como debían celebrar o Nadal.

O bispo elixiu un abeto que permanecía intacto xunto ao carballo caído como símbolo do amor perenne de Deus. Adornouno con mazás (símbolos das tentacións) e velas (símbolos da luz de Cristo que ilumina o mundo).

Bonifacio pediu a todos que levaran ás súas casas un abeto. Esta árbore simboliza a paz, tamén a inmortalidade por permanecer verde todo o ano, a súa punta sinala o ceo, a morada de Deus.



Celebración da Constitución



Constitución 2021

Para celebrar o día da constitución, o alumnado do IES de Mugardos traballou cos seus titores os **artigos** da nosa Carta Magna. En primeiro lugar repasaron os **deberes, dereitos, liberdades e garantías sociais**. Despois, por grupos, seleccionaron aqueles artigos que lles pareceron máis interesantes. Para rematar, deixaron voar a súa imaxinación e **engadiron pequenos retoques** a estes artigos, para aproximalos á súa realidade.


Todo quedou plasmado nun **faroliño de papel que subiu ao ceo** de Mugardos en homenaxe aos nosos dereitos e liberdades.

(Miguel Poncela)




Constitución 2021

Exposicións Economía azul (4 eso)



Este trimestre traballamos coas **actividades económicas relacionadas co mar**, e como se desenvolve este sector en España e Galicia coas súas diferentes actividades e as súas consecuencias



(Juan Fernández 4 ESO)

Un barco cheo de libros



Arranxos florais (FP)



O alumnado de FP básica fixo uns arranxos moi bonitos para Nadal

Consello escolar



Por que me presentei ao consello escolar? Presenteime por dous motivos fundamentais: un deles é o feito de tentar conseguir unha boa excursión de fin de curso, aínda que tamén me presentei coa intención de axudar en todo o posible tanto ao centro como aos meus compañeiros

(Hugo Taracido, 4 ESO)

Recollida de alimentos



Somos solidarios

Club de lectura



Na reunión de novembro límos un conto de **Emilia Pardo Bazán** titulado "**Feminista**". Trata de dicir dun xeito máis ou menos cómico como se cambian as tornas nun matrimonio no que o marido é un machista. O home lle di á súa muller que se poña os pantalóns e logo lle di que vai ser a derradeira vez porque é el quen manda. Cando o marido enferma, os roles se intercambian e é a muller a que invita ao marido a poñer a súa falda.



Este conto o que quere dicir é que as mulleres poden mandar tanto ou máis que un home, dando ese tipo de mensaxes propias de Pardo Bazán.

(Gabriel Elez-Villaroel 2 ESO)


Podcast



No podcast "**Versións**" poderás escoitar clásicos como Bach, Beethoven ou Tchaikovsky nuns estilos musicais moi diferentes e actuais da man do alumnado de LPM (1º Bacharelato)

PODCAST

Versións modernas de música clásica (1º Bacharelato)



Pintura

Dos cadros que representan o mar, cales pasaron á historia? Iremos vendo as 10 obras de temática mariña máis soadas



O nacemento de Venus

Este cadro, unha das obras máis famosas da Galería dos Uffizi, é dos máis destacados do Renacemento florentino e, sen dúbida, o máis coñecido de Sandro Botticelli. O mar está aí, coas súas augas rizadas polo sopro de Céfiro, que simbolizan a potencia xeradora da natureza: de feito, da espuma mariña nace a deusa que, de pé sobre unha cuncha, aparece en toda a súa pureza e perfección.

Non todo son panxoliñas en Nadal. A música clásica lingüese de temática do Nadal, e os grandes compositores recuperan contos infantís e populares, panxoliñas e escenas do evanxeo para servírnos algunhas das páxinas musicais máis coñecidas e escoitadas nestas datas



BALLET
O QUEBRANCOES

CONCERTOS
CONCERTO DE NADAL
CONCERTO DE ANOVO



ORATORIOS
O MESIAS

ORATORIO DE NADAL
MISA
MESSE DE MINUIT POUR NOUS



Escape Room



Teredes que resolver 7 adiviñas e 7 enigmas deseñados polos departamentos. Cada resposta dá un punto que teredes que marcar nun **mapa**. Unindo os puntos formaredes unha figura que tedes que superpoñer a un texto para atopar unha **palabra chave**. Traede o móbil e os ordenadores persoais, poden ser moi útiles nalgunhas probas. Para saír da aula teredes que solucionar todos os enigmas, e pode que atopedes algunhas dificultades.

Recomendacións lectoras

Consulta as nosas **recomendacións no blogue**



AS MALAS MULLERES, Marilar Aleixandre
Retrato da situación social da muller na segunda metade do s. XIX na cidade de Coruña.
Concepción Arenal, Valtadera no cárcere de A Galeira onde van parar as mulleres consideradas de "mala vida" ou delinquentes, e a súa amiga Juana de Vega e a reducida liza amosan a división social entre pobres e ricos. Pero esta división de clases deixa de ser división cando as mulleres forman un todo que non acepta a súa situación e, ben se rebelan, ben loitan por mellorar a do aquelas que están a levar a peor parte.

HORDA, Ricardo Menéndez Salmón
Nun mundo distópico dominado polas imaxes que envía continuamente o todopoderoso dispositivo Magno e no que a noite foi substituída por unha vivia electrónica, os nenos teñen a poder e prohiben a palabra por estar despartadas e baleiras de sentido.

ESPERANDO A MISTER BOJANGLES, Olivier Bourdeaut
Unha novela deliriosa que mestura letrura, humor e traxedia.
Un neno, fascinado pola disparatada e excéntrica vida que levan os seus pais empalmeados en ser felices por arriba de todo, vai vivir unha brava viaxe que o colocará fronte a unha realidade moi diferente.



UNHA EDUCACIÓN, Tara Westover
A autora crece e crece nunha familia mormona de Idaho, cun pai supervivencialista que se prepara para a chegada do fin do mundo co Efecto 2000.
A familia vive bastante afastada da sociedade da que o pai desconfía.
Tara e os seus irmáns traballan no negocio do pai suportando unha situación laboral terrible ata que a moza decide cambiar o rumbo da súa vida e buscar na educación o medio para sobrevivir.

A AFOGADA, Rocio Leira
O corpo de Laura Suárez, unha moza de dezasete anos, afogada na praia de Razor diante do seu mestre e dandha antiga, non aparece e Manuel Cifuentes, un rescador marítimo, dubida da versión oficial.
As investigacións de Manuel levaráno a descubrir a verdade do sucedido nun sorprendente final.

EL ENCAJE ROTO, Emilia Pardo Bazán
A piques de renovar o ano da celebración do centenario do morte do outono, esta antoloxía de contos de violencia contra as mulleres amósas como unha valiosa lectura na que poder comprobar a súa preocupación por unha situación, a violencia machista, que, por desgraza, seguimos a vivir.



Químicos na cociña



Club de ciencias

Da man de Guillín o alumnado de 3 ESO elaborou uns biscoitos moi apetecibles



Se queres **colaborar** neste proxecto fainos chegar as túas ideas, comentarios ou propostas.